

# XVI FESTIVAL MANICÓMICOS



A CORUÑA 11-14 AGOSTO

CHIPOLATAS (UK) | CÍA. LEPUANT CLOWN (Catalunya) | TRAPU ZAHARRA (Euzkadi) | PISTACATRO (Galiza)

THE BLUES GRAMPAS (Galiza) | LAS PIRATAS (Galiza) | VOL'E TEMPS (Andalucía) | MERE-CLOWN (Galiza)

GLI INDIGNATI (Galiza) | LA INDUSTRIAL TEATRERA (Catalunya) | LA MANO JUEVES (Asturias) | GALA XVI FESTIVAL



## ACCIÓNS DE RÚA 4-5-6 AGOSTO

Na semana previa ao festival varios grupos de clowns percorrerán a cidade, tanto a pé como en buses, co obxectivo de promocionar o festival dun xeito lúdico, directo e participativo. Interactuarán coa xente nas rúas, mercados e prazas, autobuses... para intercambiar un sorriso por un caderno coa programación, deixando así un máxico recordo na cidadanía.

Chega unha nova e agardada edición dun clásico nas festas da cidade da Coruña.  
Chega o **XVI Festival**

**Manicómicos.** Dúas semanas do mellor teatro cómico, clown e circo nas rúas e prazas da nosa cidade, cunha variada programación de contrastada calidade para todos os públicos.

[www.manicomicos.org](http://www.manicomicos.org)

---

**12:00 h.**

---

**13:00 h.**

---

**18:30 h.**

---

**19:30 h.**

---

**20:30 h.**

---

**22:00 h.**

---

**XOVES 11**

**VENRES 12**

**SÁBADO 13**

**DOMINGO 14**

THE BLUES GRAMPAS  
**Route 66**  
**CAMPO DA LEÑA**

THE BLUES GRAMPAS  
**Route 66**  
**CAMPO DA LEÑA**

MERE CLOWN  
**MeRe-cidamente**  
**OBELISCO**

CÍA. LEPUANT CLOWN  
**Solo... y nublado**  
**CAMPO DA LEÑA**

MERE CLOWN  
**MeRe-cidamente**  
**CAMPO DA LEÑA**

LA MANO JUEVES  
**Ricky, el profesor**  
**de tenis**  
**OBELISCO**

CHIPOLATAS  
**Gentlemen of the Road**  
**OBELISCO**

LAS PIRATAS  
**La Burla Negra**  
**CAMPO DA LEÑA**

GLI INDIGNATI  
**Don Giovanni**  
**PRAZA DE VIGO**

**Gala XVI**  
**Festival**

**Manicómicos**

**ANFITEATRO**  
**PARQUE**  
**STA. MARGARIDA**

CÍA. LEPUANT CLOWN  
**Solo... y nublado**  
**OBELISCO**

CHIPOLATAS  
**Gentlemen of the Road**  
**CAMPO DA LEÑA**

VOL' E TEMPS  
**Mundos de Papel**  
**PRAZA DE VIGO**

TRAPU ZAHARRA  
**La Conga**  
**OBELISCO**

TRAPU ZAHARRA  
**La Conga**  
**CAMPO DA LEÑA**

PISTACATRO  
**Impreuna**  
**PRAZA DE VIGO**

VOL' E TEMPS  
**Mundos de Papel**  
**CAMPO DA LEÑA**

LA INDUSTRIAL TEATRERA  
**Náufragos**  
**PRAZA DE VIGO**



**CHIPOLATAS (UK)**

## Gentlemen of the road

Transcendendo as tendencias, capturando corazóns e cruzando fronteiras, estes 3 actores-músicos pallasos conflúen nun espectáculo onde o que prima é festexar o encontro entre circo, teatro e música en directo, nun terreo común onde a maxia está feita.

<b>ELENCO</b>	Tristan Glover, Pablo Reboleiro e Fredi Muíño
<b>ESTILO</b>	Circo e clown musical
<b>DURACIÓN</b>	45 min.
<b>PÚBLICO</b>	Todo público
<b>📍</b>	Xoves 11, 18:30h – Obelisco
<b>📍</b>	Venres 12, 19:30h – Campo da Leña



CÍA. LEPUANT CLOWN (Catalunya)

## Solo... y nublado

Un pallaso, unha cadeira e unha maleta: tres compañeiros de viaxe loitando contra o aborrecemento, transformando a realidade en ficción, nun espectáculo cercano e moi humano, onde todo o mundo se sentirá identificado.

ELENCO	Adrià Viñas
ESTILO	Clown sen palabras
DURACIÓN	50 min.
PÚBLICO	Todo público
📍 Xoves 11, 19:30h – Obelisco	
📍 Venres 12, 13h – Campo da Leña	



## TRAPU ZAHARRA (Euzkadi) **La Conga**

O sindicato obreiro “Virgen de los desamparados”, en horas baixas, pretende aumentar o seu número de afiliados montando un taller de formación para o cal contrata un especialista en revitalizar parados de longa duración, que resulta ser un sacerdote trasgresor.

No seu reparto, caras coñecidas polo programa “Vaya Semanita” ou “Aquí abajo”.

<b>ELENCO</b>	<b>Maribel Salas, Santi Ugalde</b>
<b>ESTILO</b>	<b>Teatro cómico</b>
<b>DURACIÓN</b>	<b>60 min.</b>
<b>PÚBLICO</b>	<b>Todo público. Non é un espectáculo infantil</b>
<b>📍 Xoves 11, 20:30h – Obelisco</b>	
<b>📍 Venres 12, 20:30h – Campo da Leña</b>	



**PISTACATRO (Galiza)**

## **Impreuna**

Unha viaxe polo mundo das relacións en grupo. Unha visita por valores como a amizade, a familia, o traballo en comunidade, a solidariedade ou a cooperación, intrínsecos ao mundo do circo. O espectáculo está cargado dun optimismo baseado na unión entre persoas para responder aos conflitos que envolven ao ser humano.

**ELENCO**

**Antonio Delgado, Sofia Espiñeira, Aitor Garuz, Raquel Oitavén, Óscar Páez, Alfredo Pérez, Pablo Reboleiro**

**ESTILO**

**Circo contemporáneo**

**DURACIÓN 60 min.**

**PÚBLICO Todo público**

**📍 Xoves 11, 22h – Praza de Vigo**



## THE BLUES GRAMPAS (Galiza) Route 66

Dous “bluesmen” de prestixio mundial vidos de Kansassiti e Menfistenesí saen a escena coa intención de interpretar o seu clásico repertorio. Pero antes de comezar desátase o caos: os cables enléanse, os micros non funcionan, as partituras caen en cascada... Un desastre que ven demostrarnos que o éxito está no fracaso assumido con alegría e ganas de mellorar.

**ELENCO** Juanillo Esteban, Carlos Sante

**ESTILO** Clown musical

**DURACIÓN** 20 min.

**PÚBLICO** Todo público

📍 Venres 12, 12h – Campo da Leña

📍 Sábado 13, 12h – Campo da Leña



**TRES PATAS PARA UN BANCO**

**LAS PIRATAS (Galiza)**

## **La Burla Negra**

A bordo do seu barco pirata, a capitana Faneca Brava terá que instruir os seus excéntricos grumetes, Lorchha e Carantoña, de cara a atopar o preciado tesouro oculto que toda pirata ansía. Para iso, recutarán tamén novos piratas de entre o público. Conseguiránlo?

**ELENCO** Marita Martínez, Noemi Miranda e Marta Iglesias

**ESTILO** Teatro cómico

**DURACIÓN** 50 min.

**PÚBLICO** Todo público

**📍 Venres 12, 18:30h – Campo da Leña**



## VOL'E TEMPS (Andalucía) **Mundos de papel**

Unha historia perturbadoramente divertida, tenra e trepidante, que combina con humor e espontaneidade técnicas de circo, teatro e danza, na que os espectadores son testemuñas de excepción dun continuo ir de aquí para aló, onde nada é o que parece.

<b>ELENCO</b>	Sara Ortiz, Arbert Moncunill, Alex Riquelme
<b>ESTILO</b>	Circo contemporáneo
<b>DURACIÓN</b>	50 min.
<b>PÚBLICO</b>	Todo público
<b>📍 Venres 12, 22h – Campo da Leña</b>	
<b>📍 Sábado 13, 19:30h – Praza de Vigo</b>	



## MERE-CLOWN (Galiza) **MeRe-cidamente**

Un artista itinerante fai a súa aparición disposto a realizar o seu espectáculo. Cal é a súa sorpresa cando lle traen a maleta errada e non dispón do seu material. Grazas ao seu ingenio ha ser quen de sacar adiante un espectáculo “improvisado” cos elementos que vai atopando.

<b>ELENCO</b>	<b>David Merelas</b>
<b>ESTILO</b>	<b>Clown</b>
<b>DURACIÓN</b>	<b>50 min.</b>
<b>PÚBLICO</b>	<b>Todo público</b>
<b>📍</b>	<b>Sábado 13, 13h – Campo da Leña</b>
<b>📍</b>	<b>Domingo 14, 12h – Obelisco</b>



## GLI INDIGNATI (Galiza) **Don Giovanni**

“Donjuanovaccio” parodia o famosísimo mito do Don Juan, xogando dende a estrutura do Don Juan Tenorio, de José Zorrilla, para construír un *scenario* que busca o estudio e análise dos canons da *Commedia dell'Arte* e realizar un exercicio pedagóxico o máis fiel ao xénero posible.

**ELENCO** Sergio Alfonso, Pedro Placer, Pablo Carrera, Nola Drake, Aldán Dacosta, Ana Cebrián, Jimmy Núñez, Raquel Ferraz, Nando LLera

**ESTILO** Commedia dell'arte

**DURACIÓN** 50 min.

**PÚBLICO** Todo público. Non é un espectáculo infantil

📍 Sábado 13, 18:30h – Praza de Vigo



LA INDUSTRIAL TEATRERA (Catalunya)

## Náufragos

Náufragos que chegan, se atopan, xogan, buscan... e comparten con outros náufragos. Un encontro co público, para deixar unha semente por onde pasan e levar outras que irán transformando as súas vidas. Unha homenaxe a todos os viaxeiros que algúhna vez se sentiron náufragos. Un chisco de ollo aos naufraxios cotiáns desde o humor e a fraxilidade.

**ELENCO** Jaume Navarro e Cristina Soler

**ESTILO** Clown

**DURACIÓN** 60 min.

**PÚBLICO** Todo público

**📍 Sábado 13, 22h – Praza de Vigo**



**LA MANO JUEVES (Asturias)**

## Ricky, el profesor de tenis

Ricky é un profesor de tenis tolo, espontáneo, inxenioso e moi divertido. Logo dunha brillante carreira no mundo do tenis, un desafortunado test antidopaxe acabou co seu éxito. A pesares de todo, hoxe regresa á pista para demostrar que o seu talento e as súas capacidades seguen intactas.

**ELENCO** José Luis Redondo

**ESTILO** Humor e circo

**DURACIÓN** 45 min.

**PÚBLICO** Todo público

**📍 Domingo 14, 13h – Obelisco**



## Gala XVI Festival Manicómicos

Manicómicos ofrecerá como peche do Festival unha Gala no anfiteatro do Parque Santa Margarida, onde disfrutaremos de numeros variados de humor, clown e circo de artistas locais vinculados á asociación e artistas invitados para a ocasión. E todo isto, presentado polo excéntrico profesor de tenis Ricky. Ao remate, celebremos o fin do Festival cunha sesión musical de DJ Mediogrammy.

**ESTILO**      Humor e circo

**DURACIÓN** 90 min.

**PÚBLICO** Todo público

**📍 Domingo 14, 18:30h – Anfiteatro  
parque Santa Margarida**



**www.manicos.org**



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña



**GADIS**